

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

*ORDE do 1 de abril de 2016 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2016 e se procede á súa convocatoria.*

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do ocio e do tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, a Consellería de Política Social inclúe entre os seus obxectivos o de favorecer a participación da xuventude en actividades deste tipo, e para iso convoca, unha vez máis, a Campaña de verán 2016.

Mediante a oferta da devandita campaña, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ofrece a posibilidade de que a xuventude empregue o seu tempo libre de verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital, ademais de ofrecer a posibilidade de coñecer outros territorios da xeografía nacional a través das actividades que se realizan noutras comunidades autónomas de España.

Así mesmo, a Consellería de Política Social, en aplicación do principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, considera pertinente que, ademais das actuacións específicas dirixidas ás persoas con discapacidade, se teñan en conta as necesidades e demandas destas persoas nas políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, como é o ámbito de actuación das políticas dirixidas á mocidade galega.

Neste sentido cómpre tamén sinalar que a Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu artigo 30 o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas actividades recreativas e de lecer e tempo libre; e o artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, versa exclusivamente sobre o dereito á igualdade das persoas con discapacidade.

Con base nestes criterios, tanto a Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade como a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado acordan integrar



na presente convocatoria as necesidades da mocidade galega na ocupación do seu tempo de lecer, de maneira que os/as mozos/as galegos/as con discapacidade, en función das limitacións que presenten, poidan ter a oportunidade de decidir sobre a modalidade de participación a que desexan optar: polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas de inclusión. Deste xeito preténdese que a inclusión social das mozas e mozos con discapacidade sexa unha realidade ao tempo que se favoreza a interacción e a convivencia entre toda a mocidade.

Por todo isto,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

1. Para facilitar que a xuventude galega poida participar en actividades de tempo libre de calidade, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, oferta a programación de actividades para o ano 2016 que se detalla no anexo I desta orde.

As diferentes actividades que integran esta programación levaranse a cabo en diferentes quendas de entre unha semana e quince días de duración durante os meses de xullo, agosto e setembro.

2. A información sobre a convocatoria desta campaña, así como de cada actividade e instalación xuvenil onde se desenvolverá, atoparase detallada na páxina web: [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net).

3. Co fin de lograr a efectiva difusión desta campaña para vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse experiencias e mesmo fotografías das instalacións e das persoas participantes, que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como en páxinas web da Consellería de Política Social.

Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imaxes, que serán incorporadas ao ficheiro «Actividades dirixidas á cidadanía», co tratamento previsto no artigo 13 desta orde.



## Artigo 2. *Servizos ofertados*

1. A participación na oferta da Campaña de verán 2016 realizarase mediante inscrición individual ou múltiple (para os supostos de dous/dúas, tres ou catro irmáns/ás). As persoas participantes disporán dos seguintes servizos:

a) Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación do/da mozo/a.

b) Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.

c) Manutención en réxime de pensión completa.

d) O material necesario para a actividade.

e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase de persoal de apoio que conte con formación e experiencia para atender as súas necesidades.

f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

g) Nas actividades desenvolvidas noutras comunidades autónomas inclúese o transporte desde Santiago de Compostela, ou lugar que se sinale como punto de saída, ata o lugar de destino, así como o retorno ata Santiago de Compostela.

2. A incorporación aos campamentos e albergues de Galicia será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, das 16.00 ás 19.00 horas. Non se admitirá ningún/ningunha participante despois deste límite.

Nas actividades que se leven a cabo noutras comunidades autónomas, será por conta da persoa interesada o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, ou o lugar que se sinale como punto de saída, tanto o día de ida para a actividade como o día de chegada desta.

No suposto de abandono da actividade ou expulsión do/da participante, será responsabilidade dos/das pais/nais ou titores/as legais o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.



### Artigo 3. *Participantes*

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os/as mozos/as galegos/as residentes en Galicia, nados/as no ano sinalado no anexo I para cada actividade.

2. En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2016, cómpre destacar o seguinte:

– Os/as nados/as no ano 1998 non poderán facer os 18 anos antes da finalización do campamento.

– Os/as nados/as no ano 2007 deberán ter feitos os 9 anos ao inicio do campamento.

3. Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa nin trastorno de conduta e/ou de comportamento que dificulte a convivencia.

4. Ningún/ningunha participante poderá ser admitido/a en máis dun campamento por ano.

5. Persoas con discapacidade.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

– Facer constar a súa condición na epígrafe que figura no seu impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios.

– Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.

– Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver no destino que soliciten. A programación de actividades e as características das instalacións de cada campamento poderanse consultar na páxina web de Xuventude ([www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)).

Os requisitos sinalados anteriormente serán condición necesaria para a admisión da solicitude e o seu incumprimento non permitirá a participación da persoa solicitante no campamento.



As persoas que cumpran os requisitos sinalados poderán presentar a súa solicitude optando por unha destas dúas vías:

a) Polo procedemento xeral, BS303A, no caso de solicitude individual, ou BS303F, no caso de solicitude múltiple, para o suposto de irmáns/ás, de concorreren os requisitos sinalados no artigo 4.1.b), exclusivamente para as actividades detalladas no anexo I A (campamentos que se desenvolven en Galicia, excluíndose, polo tanto, os campamentos que teñen lugar noutras comunidades autónomas).

Esta solicitude incluírase no sorteo xeral da campaña de verán. No caso de que opten por esta vía, no formulario de solicitude deberán cubrir, obrigatoriamente, os datos relativos á discapacidade que presenta o/a solicitante con necesidades especiais. De non facelo así, non serán admitidos no campamento.

b) Polo procedemento das prazas reservadas para inclusión, procedemento BS303G, no caso de solicitude individual, ou BS303H, no caso de solicitude múltiple, para o suposto de irmáns/ás, de concorreren os requisitos sinalados no artigo 4.1.b), exclusivamente para os campamentos e quendas que se inclúen no anexo I B. Estas solicitudes incluíranse nun sorteo específico.

As persoas solicitantes con discapacidade deben optar por unha destas dúas vías, de xeito que quedarán excluídas no suposto de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.

#### 6. Menores en situación de tutela ou garda administrativa.

Os/as menores en situación de tutela ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar nesta convocatoria e deberán indicar esta condición no anexo de solicitude, marcando o recadro correspondente.

7. O incumprimento das normas recollidas neste artigo dará lugar á non admisión da solicitude.

#### Artigo 4. *Tipos de solicitude e forma de presentación*

1. A solicitude pode ser individual ou múltiple.

a) Solicitude individual:

1º. Procedemento xeral:

As persoas que queiran presentar solicitude individual de prazas deben utilizar o formulario que se incorpora como anexo II (procedemento BS303A).



2º. Procedemento de prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

As persoas con discapacidade que non presenten a súa solicitude individual pola vía xeral (procedemento BS303A) e opten polo procedemento das prazas reservadas para inclusión (as incluídas no anexo I B) deben utilizar o formulario que se incorpora como anexo IV (procedemento BS303G). As persoas solicitantes deben ter en conta o sinalado no artigo 3.1 e, en consecuencia, solicitar a súa participación naqueles campamentos e quendas do anexo I B, que se correspondan co seu ano de nacemento.

b) Solicitude múltiple:

1º. Procedemento xeral:

No caso das persoas que cumpran os requisitos que se sinalan no punto 3º desta alínea e queiran presentar unha solicitude múltiple, deberán empregar o formulario que se incorpora como anexo III da orde (procedemento BS303F).

2º. Procedemento de prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

As persoas con discapacidade que non presenten a súa solicitude múltiple pola vía xeral (procedemento BS303F) e opten polo procedemento das prazas reservadas para inclusión (as incluídas no anexo I B) deben utilizar o formulario que se incorpora como anexo V (procedemento BS303H).

3º. Tanto no procedemento xeral como no de inclusión, a solicitude múltiple admitirase para o suposto de dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás. Os/as menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, tamén se poderán incluír na solicitude múltiple, equiparándose a súa situación á dos/das irmáns/ás.

Esta solicitude múltiple só se poderá empregar no caso de persoas que pidan idéntica instalación, quenda e actividade (mesmo código). Todas as persoas interesadas que figuren nunha mesma instancia deben cumprir os requisitos de idade exixidos para as instalacións e quendas solicitadas.

Cando se trate dunha persoa sen discapacidade que teña irmáns/ás con discapacidade e queiran presentar unha solicitude conxunta, só o poderán facer polo procedemento xeral e en ningún caso unha persoa sen discapacidade poderá ocupar unha praza das reservadas para inclusión.



O incumprimento do disposto nesta alínea por unha das persoas participantes, suporá a exclusión de todas as que figuren nesa mesma solicitude. Estas solicitudes teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de espera, pero no momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.

## 2. Presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

## 3. Formalización da solicitude.

Os impresos de solicitude deben ser cubertos de acordo coas seguintes normas:

a) Cada mozo/a só poderá cubrir unha solicitude e elixirá, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas ou actividades. Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no anexo I, epígrafes A, B e C desta orde.

b) Os datos do/da solicitante deben ser os do/da mozo/a que opta a participar nas actividades. No caso de solicitudes múltiples deberán cubrirse os datos de todos/as os/as irmáns/irmás que soliciten a súa participación.

c) As solicitudes deberanas asinar os/as pais/nais ou titores/as dos/das menores solicitantes.

d) As persoas solicitantes deben residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, polo tanto, o enderezo que se inclúa na solicitude deberá ser, necesariamente, nalgún concello de Galicia.





e) A duplicidade dunha solicitude dará lugar á non admisión de ambas e o/a solicitante quedará fóra do sorteo.

4. Transcorrido un mes desde a publicación da orde, a persoa interesada deberá comprobar, na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), a correcta mecanización da súa solicitude, co fin de emendar os erros detectados. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar os datos das solicitudes. Para ter acceso a estes deberase incluír o número do DNI do/da pai/nai ou titor/a que cubriu a instancia, así como a data de caducidade dese DNI. Se as persoas interesadas detectan algún erro nos datos mecanizados ou non atopan a solicitude, deben chamar a calquera dos números de teléfono da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que aparecen no anexo VII. A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, ata tres días antes do sinalado para a realización do sorteo. Unha vez transcorrido ese día non procederá reclamación ningunha contra os erros ou omisións de solicitudes.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

#### Artigo 5. *Prazo*

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 6. *Adxudicación de prazas*

A adxudicación das prazas, tanto dos que participan polo procedemento xeral como dos que o fan polo procedemento das prazas reservadas para inclusión, realizarase da seguinte forma:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

2. Por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. Efectuaranse dous sorteos independentes se-





gundo o procedemento polo que se solicite (o xeral ou o de prazas reservadas para inclusión).

Neste caso o sorteo realizarase ante notario/a nos 45 días seguintes á data de publicación da orde. O día concreto de realización do sorteo anunciarase na páxina web de Xuventude, [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), e tera lugar ás 12.00 horas dese día na sala de prensa da Consellería de Política Social, sita na terceira planta das dependencias da devandita consellería, no Edificio Administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela.

Mediante este sorteo cubriranse as prazas nas distintas actividades que especifica o anexo I (epígrafes A, B e C) desta orde.

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das actividades. Inclúirase a cada participante unicamente nunha lista de espera para un campamento concreto, de entre os que solicitou entre as cinco opcións. O número de reservas en cada actividade será do 50 % das prazas convocadas. Xerarase a lista de espera tanto no sorteo de prazas do procedemento xeral como no específico de prazas reservadas para inclusión.

3. A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, e confeccionará a correspondente lista de admitidos/as para cada quenda e actividade.

O resultado do sorteo publicarase na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), onde se exporá a lista de admitidos/as a partir do día seguinte ao do sorteo. Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

#### Artigo 7. *Documentación*

Os/as participantes seleccionados/as deberán presentar no prazo de 15 días naturais contado desde o seguinte ao da realización do sorteo, na xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, no caso das actividades que se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

- Xustificación de pagamento.
- Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante no caso de que o/a pai/nai ou representante legal do/da menor interesado/a non autorice expresamente, no formulario de solicitude, a comprobación de datos por medio do acceso electrónico ao Sistema de verificación de



datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Se o/a menor non dispón de DNI deberá achegarse a copia da folla correspondente do libro de familia.

- Tarxeta sanitaria ou seguro médico privado.
- Cuestionario de saúde e autonomía persoal (anexo VI).
- Declaración responsable de que sabe nadar.

No caso de persoas con discapacidade, ademais:

- Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente, cando non se autorice expresamente, no formulario de solicitude, a comprobación destes datos de discapacidade ou os ditos documentos non fosen expedidos na nosa comunidade autónoma.

#### Artigo 8. *Adxudicación de prazas ás listas de espera*

1. As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, serán ofrecidas na fase de reservas dos respectivos procedementos (xeral ou de prazas reservadas para inclusión) aos/ás solicitantes que figuran nas listas de espera correspondentes. No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ou o servizo de xuventude correspondente contactarán, seguindo a orde de lista, cos/coas suplentes mediante chamada telefónica.

Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e as 14.00 horas que serán rexistradas para a constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada no artigo 7 nun prazo de 48 horas. No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado, a praza ofreceráselle á seguinte persoa da lista de espera.

2. A apertura da fase de reservas publicarase na páxina web de Xuventude:

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net).



### Artigo 9. *Adxudicación das prazas de resultas*

1. As prazas vacantes que non se cubran polos procedementos de adxudicación establecidos nos artigos 6 e 8 serán ofertadas na fase de resultas a calquera solicitante que as demande e reúna as condicións e requisitos exixidos nesta orde para participar na convocatoria.

2. Estas prazas estarán expostas na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net), onde se anunciará a apertura da fase de resultas.

3. Para solicitar as prazas de resultas a persoa interesada deberá efectuar a oportuna reserva da praza, no caso de que existan vacantes, mediante chamada telefónica aos números de teléfono indicados no anexo VII. A reserva de prazas poderase efectuar das 9.00 ás 14.00 horas, en días laborables, agás os sábados.

Cada persoa só poderá facer a reserva, como máximo, de catro prazas para catro participantes.

3. Unha vez comprobada na aplicación informática a dispoñibilidade da praza solicitada, asignarase esta á persoa interesada, que disporá dun prazo máximo de 48 horas para presentar a documentación relacionada no artigo 7.

Esta documentación poderá presentala en calquera das oficinas relacionadas no anexo VII. No caso contrario, perderá o dereito á praza reservada.

### Artigo 10. *Prezos*

1. Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda aparecen detallados no anexo I (epígrafes A, B e C) desta orde, de acordo co sinalado na orde pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

2. Os membros de familia que teñan o título de numerosa terán un desconto do 50 % sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde.

3. As persoas usuarias do Carné Xove gozarán dun desconto do 25 % sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Para poder aplicar o desconto, a persoa



beneficiaria deberá estar en posesión do Carné Xove, vixente, no momento de efectuar o pagamento.

4. Os descontos citados nos dous números anteriores en ningún caso serán acumulables.

Para os efectos da aplicación destes descontos, as persoas solicitantes deberán indicar na súa solicitude, marcando o recadro correspondente do formulario, se teñen ou non o título de familia numerosa ou o Carné Xove, para a súa posterior comprobación pola Administración; no caso de que non se autorice esta comprobación no formulario de solicitude, deberá achegarse a copia cotexada do título vixente de familia numerosa, ou a do Carné Xove, segundo o desconto aplicable.

#### Artigo 11. *Obrigas dos/das adxudicatarios/as*

Os/as adxudicatarios/as das prazas están obrigados/as:

1. A incorporarse á actividade e regresar polos medios e nos prazos establecidos.
2. A non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia dos/das pais/nais ou titores/as, e será responsabilidade destes/as o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen, tal e como se especifica no artigo 2.2.
3. A respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.

4. A praza é intransferible.

#### Artigo 12. *Devolución de cota*

1. Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente a persoa interesada non pode asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.



No caso de prazas adxudicadas en fase de resultas, só se admitirá a devolución de cota cando a data de inicio do campamento permita presentar a solicitude de devolución coa antelación mínima de 20 días antes sinalada.

No caso de renuncia a unha praza concedida e posterior solicitude e adxudicación doutra na fase de resultas, se a renuncia á primeira praza non se comunicou coa antelación de vinte días antes sinalada, terá que aboarse o importe íntegro da segunda praza, sen que se compense co prezo aboado pola primeira.

2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no número anterior, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude de devolución de cota.

3. Para estes efectos, as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación anexo a esta orde (anexo VIII), que se poderá obter na guía de procedementos e servizos, no enderezo electrónico:

<https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou na sede electrónica, no enderezo <https://sede.xunta.es>.

4. A solicitude poderá presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario. Deberá dirixirse ao/á xefe/a territorial da Consellería de Política Social da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no caso das actividades que se desenvolvan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán os órganos encargados de resolver en cada caso.

### Artigo 13. *Protección de datos*

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2016. Os datos facilitados serán incorporados ao ficheiro «Actividades dirixidas á cidadanía» para o seu tratamento, coa finalidade da xestión do procedemento. O/a titular dos datos consente expresamente a súa comunicación a organizacións ou per-



soas directamente relacionadas co/coa responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos na presente orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o prevexa.

Cando o/a solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o/a encargado/a de informar do contido desta cláusula a persoa titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso de menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para éstos/as.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a: [sxt.politicasocial@xunta.es](mailto:sxt.politicasocial@xunta.es).

#### Artigo 14. *Consentimentos e autorizacións*

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2016

José Manuel Rey Varela  
Conselleiro de Política Social



ANEXO I  
A. Campamentos de verán 2016-xeral

A Coruña

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Alb. Xuv. Mariña Española	Aventura nas Mariñas	1-8/2007	05-06-07	113 €	150001
		11-18/2007	05-06-07	113 €	150002
		21-28/2007	05-06-07	113 €	150003
		1-8/2008	05-06-07	113 €	150004
		11-18/2008	05-06-07	113 €	150005
		21-28/2008	05-06-07	113 €	150006
Alb. Gandarío-Residencia X. Lug II	Conecta con Galicia	1-12/2007	98-99-00-01	222 €	150007
Alb. Gandarío-Res. F. L. Cuevillas		15-26/2007	98-99-00-01	222 €	150008
Alb. Xuv. Gandarío	Actividades no mar	1-12/2007	01-02	232 €	150009
		17-28/2007	99-00-01	232 €	150010
		2-13/2008	98-99-00-01	232 €	150011
		17-28/2008	02-03	232 €	150012
Camp. Xuv. Furelos	Natureza no Camiño	1-12/2007	02-03	176 €	150013
		17-28/2007	98-99-00	176 €	150014
		2-13/2008	01-02	176 €	150015
		15-26/2008	02-03	176 €	150016
Camp. Xuv. Virxe de Loreto	Natureza xunto ao mar	1-12/2007	01-02	207 €	150017
		17-28/2007	01-02	207 €	150018
		2-13/2008	01-02	207 €	150019
		17-28/2008	98-99-00-01	207 €	150020
Camp. Xuv. Espiñeira	Candilexas	1-12/2007	04-05	176 €	150021
		17-28/2007	04-05	176 €	150022
		2-13/2008	04-05	176 €	150023
		15-26/2008	04-05	176 €	150024

Lugo

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Alb. Xuv. Area	NaturArea: medioambiente mariño e náutica	1-12/2007	01-02	232 €	270001
		17-28/2007	98-99-00-01	232 €	270002
		2-13/2008	01-02	232 €	270003
		17-28/2008	01-02	232 €	270004
Alb. Xuv. Benigno Quiroga	A miña primeira aventura	1-8/2007	05-06-07	113 €	270005
		11-18/2007	05-06-07	113 €	270006
		21-28/2007	05-06-07	113 €	270007
		1-8/2008	05-06-07	113 €	270008
		11-18/2008	05-06-07	113 €	270009





Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Camp. Xuv. A Devesa	Multiaventura: medioambiente e mar	01-12/2008	02-03	176 €	270010
	Acampada a carón do mar	01-12/2008	04-05	176 €	270011
	Multiaventura: medioambiente e mar	13-24/2008	02-03	176 €	270012
	Acampada a carón do mar	13-24/2008	04-05	176 €	270013
	Multiaventura: medioambiente e mar	25/08-05/2009	02-03	176 €	270014
	Acampada a carón do mar	25/08-05/2009	04-05	176 €	270015
Cam. Xuv. Os Chacotes	Multiaventura nos Chacotes	1-12/2007	02-03	176 €	270016
	Aventura-T	17-28/2007	99-00-01	176 €	270017
		02-13/2008	99-00-01	176 €	270018
	Multiaventura nos Chacotes	17-28/2008	02-03	176 €	270019
Poboado Os Peares (Carballedo)	Adventure Camp 2016	1-08/2007	05-06-07	113 €	270020
		11-18/2007	05-06-07	113 €	270021
		21-28/2007	02-03-04	113 €	270022
		01-08/2008	02-03-04	113 €	270023
Albergue Municipal Quiroga	Explora O Courel	01-08/2007	03-04-05-06-07	113 €	270024

## Ourense

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Camp. Xuv. Penedos de Xacinto (Entrimo)	Teatro e aventura na natureza	01-12/2007	03-04-05-06-07	176 €	320001
		17-28/2007	03-04-05-06-07	176 €	320002
		02-13/2008	03-04-05-06-07	176 €	320003
Estación de montaña Manzaneda	Manzaneda alta montaña	07-14/2008	02-03-04	113 €	320004
		14-21/2008	02-03-04	113 €	320005
		21-28/2008	05-06-07	113 €	320006
Albergue Equal	Campamento Equal	21-28/2008	04-05-06-07	113 €	320007
Complexo O Corgo Muíños	Vive a natureza	02-09/2008	01-02-03	113 €	320008

## Pontevedra

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
Alb. Xuv. As Sinas	Actividades no mar	1-12/2007	01-02	232 €	360001
		17-28/2007	01-02	232 €	360002
		2-13/2008	01-02	232 €	360003
		17-28/2008	98-99-00-01	232 €	360004



Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano nacemento	Importe praza	Código
